



CONCELLO DE LOBIOS

MINUTA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENARIO  
MUNICIPAL DO DÍA 02 DE DECEMBRO DO 2006.

SEÑORES ASISTENTES:

**Alcalde-Presidente**

D. Benito Vázquez Vázquez.

**Concelleiros:**

D. Enrique López Álvarez  
D. Celso Paz León.  
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.  
D. Antonio Estevez González  
D. Juan Carlos Pérez Paz.  
D. Francisco Veloso González  
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira  
D. José Álvarez Pereira  
D. Antonio Pérez González

**Non asisten:**

D. Xesús Deibe Fernández Simo

**Secretaria**

D<sup>a</sup>. María del Carmen Rodríguez  
Fernández

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 11,00 horas do día 2 de decembro do 2006, reúñense, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Extraordinaria do Plenario do Concello de Lobios, solicitado por los 4 Srs. Concelleiros do Grupo PSdeG PSOE, D. Francisco Veloso González, D. José Álvarez Pereira, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira y D. Antonio Pérez González. Estando presentes 10 dos 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público. Non estivo presente o Sr. Fernández Simo, sen ter xustificado a súa inasistencia.

Seguidamente por parte da Sra.. Secretaria do Concello procédese a entregar a cada un dos membros do Pleno unha copia do informe de secretaría emitido a petición dos Srs. Concelleiros proponentes deste Plenario.

O Sr. Veloso, como Voceiro do Grupo Municipal proponente desta Sesión pide que se lle faga entrega da documentación solicitada no seu escrito de data 20 de novembro pasado instando á convocatoria desta Sesión, reiterado noutro escrito de 29 do propio mes de novembro, con rexistro de entrada no Concello do día 1 de decembro, consistente na entrega da actualización do censo e Padrón municipal do Concello, informe da secretaría – intervención sobre a legalidade dos pagos efectuados nos anos comprendidos dende 1994



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

ata o 2004 e sobre a legalidade da adxudicación de obras en ditos exercicios así como a licencia e informes favorables, de existir, outorgados pola Confederación Hidrográfica do Norte sobre a construción do Complexo Termal executado en Riocaldo e acordos que obren nos rexistros do Concello coa Fundación San Rosendo para instalación dunha piscina termal ó aire libre en Riocaldo, documentación que non consta no expediente de convocatoria da Sesión que se lle exhibiu, manifestando que por non ter feito entrega desta documentación nin constar a mesma no expediente desta Sesión, os responsables do Concello están incorrendo nun delito.

A Sra.. Secretaria fai referencia ás dificultades que ten para poder escribir como consecuencia dunha lesión que ten no brazo dereito, que lle dificulta esta labor, polo que manifesta que as referencias ás diversas intervencións desta Sesión serán feitas polo Sr. Asesor, solicitando do Sr. Alcalde a venia para que se incorpore ó seu lado para realizar esta labor, opoñéndose o Sr. Veloso, polo que a propia Sra.. Secretaria manifesta que con grande sacrificio vai a ser ela que tome as notas pertinentes para a redacción da acta e dar fe da mesma.

Logo destas incidencias o Sr. Alcalde dispón que se pasen a considerar os diversos asuntos que integran a Orde do Día.

### **1.- INFORME DO VOCEIRO DO PSOE SOBRE INSULTOS E AMEAZAS NUNHA CRÓNICA PUBLICADA NO DIARIO “LA REGIÓN” SOBRE O PLENO ORDINARIO DE 27 DE OUTUBRO DO 2006.**

O Sr. Veloso manifesta que na citada Sesión do 27 de outubro do 2006 non preferiu insulto algún contra ninguén nin ameazou a ninguén, admitindo que a Sesión celebrouse nun clima de tensión e contraposición entre el e o Sr. Alcalde e o seu Grupo de Goberno pero que non proferiu insulto nin ameaza algunha

### **2.- CONSTITUCIÓN DE COPIA DE SEGURIDADE DA DOCUMENTACIÓN DO CONCELLO, POLO QUE SE REFIRE A LIBROS DE ACTAS DOS PLENOS MUNICIPAIS, DAS COMISIÓNS DE GOBERNO E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O ANO 1995 ATA A ACTUALIDADE, DEBIDAMENTE REXISTRADA FOLIADA E NUMERADA. CREACIÓN DUN LIBRO ONDE CONSTE DEBIDAMENTE O INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS.**

Toma a palabra o Sr. Veloso para dicir que resulta interesante que con motivo do cambio de Secretario que se garde toda a documentación debidamente rexistrada para que non ocorra o que di moita xente, que ó cambiar o Alcalde, como ocorrerá proximamente, non se poida destruír a documentación existente.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Seguidamente por parte da Sra.. Secretaria, e por dispolo así o Sr. Alcalde, procédese a dar lectura ó punto terceiro do seu informe, anteriormente referido, e que di literalmente o seguinte:

*“Polo que respecta ó punto segundo sobre copia de seguridade, que se refire ó libro de actas dos Plenos, Xuntas de Goberno e Resolucións da Alcaldía, informase que na actualidade os Libros de Actas, como instrumento público solemne está previamente foliado, encadernado e legalizada cada folla expresando nas primeiras páxinas de cada un dos tomos mediante dilixencia de apertura asinada pola Secretaria informante, e no seu caso, polo Secretario anterior, con indicación do número de folios e data na que se inicia a transcripción dos acordos no papel timbrado e numerado, editado pola Xunta de Galicia, ata o día da data, polo que estase a dar cumprimento exacto ó establecido polos artigos 198 a 203 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, estando baixo a custodia da Secretaria informante, que non consinte, baixo ningún pretexto a saída destes Libros da Casa Consistorial.*

*Polo tanto, non resulta preciso a constitución de copias de seguridade desta documentación. De tódolos xeitos, existe unha copia gravada no disco duro do servidor do sistema informático do Concello, sometido á Lei de protección de Datos.*

*En canto ó Libro de Inventario dos Bens do Concello, xa existe un documento, sen actualizar; así mesmo, este asunto xa foi tratado polo Pleno en Sesións celebradas os días 5 de outubro e 7 de decembro do 2005.”* .

Seguidamente toma a palabra para dicir que este asunto xa foi tratado en Sesións do ano pasado.

De tódolos xeitos preséntanse os Libros que conteñen as Actas dos Plenos, Xuntas de Goberno e Decretos do Sr. Alcalde, do ano 2006, que son examinados polos Srs.. Concelleiros do Grupo Municipal do PSOE proponente deste Pleno, que os examinan con máximo detalle, quedando claro que están ó día, indicando o Sr. Alcalde que están á súa disposición estes mesmos libros que recollen tódalas Actas dos distintos Órganos colexiados ou unipersoais do Concello dende o ano 1995.

Continua o Sr. Alcalde manifestando que espérase contemplar no Orzamento que se elabore para o ano 2007, a correspondente consignación para levar a cabo a revisión e actualización do Inventario dos Bens e Dereitos do Concello.

Ó non haber proposta de acordo formulado polos solicitantes desta Sesión, non se pode someter a votación este asunto, limitándose este punto a que a Corporación quede debidamente informada, solicitando o Sr. Veloso que informe a Sra. Secretaria se efectivamente hai ou non proposta de acordo, ratificándose a mesma no seu informe antes literalmente transcrito.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

### **3.- ACTUALIZACIÓN DO CENSO E PADRÓN MUNICIPAL DO CONCELLO. NOMEAMENTO Ó SECRETARIO DO CONCELLO COMO RESPONSABLE DO MESMO.**

Antes de tomar a palabra algún dos Srs.. Concelleiros, procédese pola Sra.. Secretaria a dar lectura ó punto 4º do seu informe mencionado ó comezo desta Acta, e que di literalmente o seguinte:

*“En canto á actualización do Censo e Padrón Municipal do Concello, achacando a posible existencia de irregularidades nestes documentos, consta un informe emitido polo Instituto nacional de Estatística, no que se conclúe “No se observan indicios de irregularidades en la información subministrada por el Ayuntamiento de Lobios y por los Consulados de España”*

Faise entrega a cada un dos Srs.. Concelleiros do informe do antedito INE, de data 2 de novembro do 2006.

Reitera o Sr. Velos e así o require do Sr. Alcalde e da Sra.. Secretaria para que se lle faga entrega do Censo e do Padrón, documentos que non foron incorporados ó expediente desta Sesión e que polo tanto estase a incorrer nun delito, replicando o Sr. Alcalde que este documento está á súa disposición na secretaría do Concello.

Na rolda de réplica o Sr. Veloso indica que o seu partido requiriuno para que vixiara esta documentación, e que o Sr. Alcalde ten a obriga de por o Padrón ou fotocopia do mesmo á súa disposición pois é de dominio público as vulneracións dos censos e padróns que veñen experimentando estes documentos no Concello de Lobios co obxectivo de lograr un bo resultado nos comicios e eleccións e especialmente nas próximas eleccións municipais; non existe seriedade neste Concello; sendo esta documentación a alma dos votos estima que resultaría procedente que o responsable desta documentación fora o Secretario do Concello pero nunca unha traballadora laboral do Concello que depende no seu posto de traballo da vontade do Sr. Alcalde e máxime tendo en conta que toda a súa familia está traballando para o Concello, sendo escandaloso que non sendo funcionaria este a cargo dun servicio tan transcendente. Propón o Sr. Veloso que se someta a votación a súa proposta para que sexa o titular da secretaría do Concello o responsable deste servicio e documentación.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o propio I.N.E. indica no seu informe de 2 de novembro pasado a non existencia de irregularidade de ningún tipo neste servicio e replicando o Sr. Veloso que hai varias reclamacións que están sendo investigadas a nivel de Madrid, reiterando a súa anterior manifestación de que sexa o responsable de secretaría e non unha persoa contratada que este ó fronte deste negociado, xa que esta persoa contratada vai a facer o que lle diga o Sr. Alcalde, e non o que teña obriga de facer, manifestación que fai sen ánimo de inxuriar a ninguén.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Neste intre toma a palabra o Sr. Concelleiro da area de persoal D. Jesús Rodríguez Rodríguez, dicindo que non é certo que toda a familia da funcionaria referida, que é D<sup>a</sup> María Almeida este traballando para o Concello; reitera o Sr. Alcalde que nunha sesión anterior, cando se aprobou a Ordenanza de protección de datos de carácter persoal, indicouse o persoal que ía asumir cada servicio, e foi aprobada e sometida a información pública para reclamacións no téndose producido ata a data proba algunha de que houbera anomalías no censo, solicitando do Sr. Veloso que formule cal é a proposta que quere someter a votación, dado que inicialmente non formula proposta algunha.

O Sr. Veloso, con ánimo airado, indica que xa o dixo anteriormente, solicitando que se someta a votación o nomeamento do Secretario como responsable do Censo e do Padrón.

Polo tanto o Sr. Alcalde somete a votación esta proposta votando a favor os catro Concelleiros do Grupo PSdeG PSOE e en contra os seis Srs.. Concelleiros do Grupo Municipal do PP, remitíndose ó acordo acadado por este mesmo Pleno no seu día en relación con este asunto, polo que en vista deste resultado da votación, queda rexeitada a proposta feita polo Sr. Concelleiro Voceiro do PSOE.

### **4.- INFORME POLA SECRETARIA INTERVENTORA SOBRE A LEGALIDADE DOS PAGAMENTOS EFECTUADOS POLO CONCELLO DE LOBIOS DOS ANOS E EXERCICIOS COMPRENDIDOS DENDE 1999 A 2004 ASI CÓMO A LEGALIDADE DA ADXUDICACIÓN DE OBRAS DOS PRECITADOS EXERCICIOS.**

Previamente procédese pola Sra. Secretaria, a instancia do Sr. Alcalde, a dar lectura ó punto 5º do seu informe referido no comezo desta Sesión e que literalmente di o seguinte:

*“Solicítase un informe da Secretaria Interventora sobre a legalidade dos pagamentos efectuados nos anos 1999 a 2004 e a adxudicación de obras nestes anos, debendo esta Secretaria Interventora informar que polo que se refire ás contas destes anos, que limitouse a preparar os expedientes para a probación destas contas conforme ó acordo do Pleno acadado en 7 de decembro do 2005, non correspondéndolle a función de fiscalización interna, que xa debería estar feita polo Secretario Interventor anterior, e que actualmente estas Contas están en fase da fiscalización externa que lle corresponde ó Consello de Contas.*

*Do mesmo xeito, nos expedientes de adxudicación dos Contratos de Obras no citado período constan os informes de Secretaría e Intervención en cada un dos expedientes, estando estes expedientes á disposición dos Srs. Concelleiros”.*

Toma a palabra o Sr. Veloso para dicir que require novamente ó Sr. Alcalde e á Secretaria para que lle faga entrega do informe solicitado, baixo apercibimento de responsabilidade penal.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

A Sra. Secretaria indica que cando foron remitidas ó Consello de Contas as contas dos anos 1997 a 2005, inclusive, constaba informe de intervención, que estivo a disposición do Sr. Concelleiro interpelante en tódalas Sesións da Comisión Informativa de Facenda e Contas e nas Sesións en que as Contas destes anos foron sometidas á consideración do Pleno.

Replica o Sr. Veloso que o informe que se ofrece por parte da Sra.. Secretaria Interventora é un informe pírrico e que seguindo as directrices do seu partido manifesta que a persoa informante non está cualificada para exercer o grao de interventora do concello que á súa vez está sendo vítima das presións para que ocupe tal cargo ante o arraigo familiar da mesma. O Grupo Municipal do PSOE opúxose á aprobación destas Contas, que á súa vez están impugnadas en vía xudicial; que el soamente solicitou un informe que non se fixo polo que se considera carente de ética e responsabilidade a que ten que facelo e non o fai considerando que os cartos do Concello, tal como están administrados están, ou poden estar a intereses alleos ó propio Concello, reiterando unha vez máis que se lle faga entrega do informe, propoñendo que se someta a votación a súa proposta de que se faga entrega deste informe ós Srs.. Concelleiros.

A Sra.. Secretaria Interventora, coa venia do Sr. Alcalde, manifesta que como funcionaria administrativa de máis antigüidade no Concello, ten que asumir, estando vacante a praza de Secretario Interventor, o exercicio desas funcións, solicitando neste intre a opinión do Sr. Asesor presente no público asistente a esta Sesión para que ratifique ou contradiga o por ela manifestado, quen indica que efectivamente conforme ó disposto no Real Decreto 1.174/87 esta é unha obriga que ten que asumir.

O Sr. Alcalde pregunta á Sra.. Secretaria habilitada si se sente coaccionada no exercicio das súas funcións respostando que de ningún xeito se sente coaccionada.

O Sr. Alcalde tamén indica que non hai proposta algunha para ser sometida a votación, xa que o único que se pide no escrito de solicitude deste Pleno e a entrega dun informe e polo tanto non hai nada que votar, replicando o Sr. Veloso que aínda que non fora mais que por respecto ó pobo de Lobios, debe de someterse a votación este asunto, consistente en si se fai ou non entrega ós Concelleiros do informe solicitado; intervén, previa venia do Sr. Alcalde, o Sr. López Álvarez para insistir en que efectivamente non hai proposta de acordo, respostando o Sr. Veloso que o citado Concelleiro D. Enrique somentes pode falar en asuntos que se refiran a Cultura pero que non pode asumir o papel que lle corresponde ó Voceiro do seu Grupo reiterando que é mellor que se someta a votación o tema prantexado, guste ou non guste a quenes teñen a responsabilidade do Goberno Municipal.

Accedendo, ó solicitado, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta do Sr. Veloso de que se lle faga entrega ós Concelleiros do informe sobre a legalidade dos pagamentos, votando a favor denta entrega os 4 Srs.Membros do Grupo Municipal do PSOE e en contra os 6 Srs. Membros do Grupo Municipal do PP, polo que queda rexeitada a proposta formulada.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Polo que se refire ó informe sobre as obras adxudicadas nos anos 1999 – 2004, o Sr. Alcalde fai mención a que, precisamente, na Mesa de Contratación para adxudicación das obras dos Plans Provinciais do ano pasado, estaba presente un representante do Grupo Municipal do PSOE, que, según consta na Acta, estivo conforme co expediente tramitado e coa proposta de adxudicación dos contratos de obra, vendo que, efectivamente, se levou a cabo dentro da máis completa legalidade.

### **5.- PETICIÓN ANTE A ADMINISTRACIÓN DUN SECRETARIO INTERVENTOR DE CARREIRA. CONTRATACIÓN INMEDIATA DUN SECRETARIO INTERVENTOR DE CARREIRA.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura a un escrito remitido con data 19 de decembro do pasado ano 2005, dirixido á Dirección Xeral de Administración Local en Santiago de Compostela, dando conta da vacante da praza de Secretario Interventor deste Concello, solicitando que nos concursos que se convoquen entre funcionarios de habilitación nacional, subescala de secretaría intervención, sexa incluída a vacante producida nesta Concello. Á súa vez informa que no Boletín Oficial do Estado do día 23 de novembro do 2006, aparece publicada unha resolución de 31 de outubro do 2006 da Dirección Xeral de Cooperación Local, convocando concurso unitario para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, incluíndose na relación de vacantes a praza de Secretario Interventor do Concello de Lobios. Á súa vez no intre en que se produzo a vacante da secretaría intervención do Concello, solicitouse da Deputación Provincial o apoio técnico xurídico preciso para o desenvolvemento da administración municipal, tendo sido designado para esta función o técnico de administración xeral, Sr. Fernández Anguiano.

Seguidamente intervén o Sr. Veloso quen manifesta que débese de contar a verdade: dende que se xubilou o Sr. Bouzas Costa o Concello carece de Secretario Interventor de carreira e engade que, seguindo as directrices do seu partido, o Sr. Baltar mandou un asesor que ninguén llo pediu e que encima cobra un salario moi alto coa finalidade de tapar o sinfin de irregularidades que había no concello. Trátase do primeiro Concello de España en aprobar nunha mesma Sesión as contas de catro exercicios económicos sen ter un Secretario Interventor capacitado, para o que puxeron a funcionaria D<sup>a</sup> Maricarmen Rodríguez Fernández, que non está capacitada para esta función; pon como exemplo ó médico recentemente xubilado, que non foi substituído por calquera persoa; propón que esta situación quedaría paliada se se procede á contratación dun Secretario dun dos Concellos limítrofes, Bande; Muiños, Lobeira etc.. o Seu Grupo fai unha petición formal para que se cese inmediatamente ó asesor, que non está aquí mais que para tapar responsabilidades e que se se quere, todo se cuadra, e que dúas mais dúas sempre son catro, e que o Sr. Alcalde puidera ser responsable dun delito de encubrimento, poñendo como exemplo ó concello lugués de Vicedo, que despois de varios anos o alcalde foi penalizado por malversación de caudais públicos. Propón que se vote o cese do asesor e de Maricarmen como interventora.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Alcalde indica que a praza está debidamente anunciada, para a que, según parece, hai bastantes solicitantes.

Sometida a votación a proposta formulada, queda rexeitada por votar en contra da mesma os seis Srs. concelleiros do Grupo Municipais do PP e votando a favor os catro Sr. Concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG PSOE.

### **6.- ENTREGA Á CORPORACIÓN MUNICIPAL DA LICENCIA E INFORMES FAVORABLES, DE EXISTIR, OUTORGADOS POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO NORTE SOBRE A CONSTRUCCIÓN DO COMPLEXO TERMAL EXECUTADO EN RIOCALDO. ACORDOS QUE OBREN NO REXISTRO DO CONCELLO COA FUNDACIÓN SAN ROSENDO OU OUTRO TITULAR, DE EXISTIR OS MESMOS, PARA A INMEDIATA INSTALACIÓN DUNHA PISCINA TERMAL Ó AIRE LIBRE NO LUGAR DE RIOCALDO, SIMILAR Á CHAVASQUEIRA EN OURENSE.**

Iníciase o debate deste tema mediante a lectura do informe de secretaría que di o seguinte:

*“ 7.- No último punto proposto para ser debatido nesta sesión solicítase a entrega ou exhibición da licencia e informes da Confederación Hidrográfica relativos a construción do Complexo Termal de Riocaldo e a instalación de unha piscina termal o aire libre.*

*En relación con estes temas consta no concello a sentenza dictada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desestimando o recurso Contencioso Administrativo interposto polo voceiro do grupo municipal do P.S.O.E. neste Concello, Sr. Veloso González contra acordo do pleno deste Concello de 16 de maio do 2.000, polo que se aprobou a cesión gratuíta da finca Baños de Riocaldo en favor da Fundación San Rosendo. Asemesmo consta a sentenza dictada pola mesma Sala do Tribunal Supremo resolvendo o recurso de casación interposto polo mesmo voceiro declarando a inadmisibilidade do recurso, declarando firme a súa resolución.”*

Completa esta información o Sr. Alcalde para dicir que na Sentencia do Tribunal Supremo impónense ó recorrente as costas causadas.

Intervén seguidamente o Sr. Veloso González párea dicir que o que el solicita na súa proposta é que se lle faga entrega da licencia outorgada para a construción do Complexo Termal en Riocaldo e os informes da Confederación Hidrográfica, dos que queda claro que non se lle fai entrega polo que deduce que por tanto parece ser que non existe licencia municipal. Ó propio tempo pregunta sobre si existe ou non acordo para a próxima ou pronta instalación de unha piscina termal en Riocaldo, similar á da Chavasqueira en Ourense.

Continua dicindo que nunca perseguiu a obra feita e que seguindo as instrucións que lle da o seu partido di que a impugnación feita referíase á entrega gratuíta á Fundación San



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Rosendo, partindo da base de que cando se regala un ben pérdense tódolos dereitos sobre o mesmo, posto que non houbo unha cesión por trinta anos senón que foi un regalo para sempre e estes actos non son anulables, sigue dicindo, pero é que ademais desto, o Concello comprometeuse con esta Entidade a pagarlle 50 millóns de pesetas. De tódolos xeitos tamén manifesta que presentou recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional e tamén está disposto a acudir ós Tribunais Europeos en Bruxelas, continúa dicindo que a auga adquiriuna o Concello no ano 1990 por 12 millóns de pesetas e informouse favorablemente a cesión gratuíta polo anterior secretario. Á súa vez, no PXOM de Lobios ponse todo a favor da Fundación San Rosendo e a auga que sobra tírana ó río e como consecuencia os veciños de Lobios quedamos sen unha piscina termal, perdendo o dereito a esta auga.

O Sr. Alcalde utilizou ó Diario “La Región e á TVG para darlle publicidade a un suposto acordo coa Fundación San Rosendo, acordo que non pode prosperar xa que a empresa o único que ten que pedir ó Concello son as pertinentes licencias e o Sr. Alcalde xa non é ninguén para prometer unha Chavasqueira, resultando un atrevemento dicir que os terreos foron cedidos por trinta anos pois foron para toda a vida. O pretendido acordo do Alcalde coa Fundación parécelle unha burla pois o Concello non ten ningún poder nos terreos cedidos ou regalados, di que vai a escoitar ó Sr. Alcalde pero espera que non minta.

Replica o Sr. Alcalde dicindo que a documentación solicitada está claro que xa a viu porque para prantexar o Recurso que se menciona no informe de secretaría tivo que tela visto e que así o demostra o feito de que para elo xa se lle deron cantas fotocopias quixo e que o que se fixo foi a cesión dos terreos non da auga, replicando o Sr. Veloso que esa documentación só a puido ver nos Xulgados.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que a auga non é de ninguén xa que conforme á Lei de Augas, estas son de titularidade pública e a súa utilización provén dunha concesión que da o Estado por trinta anos, renovables. Polo que respecta ás manifestacións feitas de que a utilización do Diario “La Región” e a TVG, di o Sr. Alcalde que se limitou a responder ás preguntas feitas por un periodista como aclaración ou ampliación a unha noticia dada por, según parece, un integrante de outro Grupo Político que conforma o Pleno deste Concello e que, por a súa parte, neste tema concreto, nunca recorreu á prensa. Polo que respecta ó acordo coa Fundación, foi un acordo verbal, que no seu caso e no seu momento terá que ser feito coas normas de procedemento que se requiran, pero que el sempre confía na palabra das persoas, e polo tanto tan pronto como sexan entregadas ó Concello as obras que alí está a realizar a Confederación Hidrográfica, o Concello poríase a traballar nesa piscina tipo Chavasqueira e que para elo o arquitecto colaborador municipal xa ten o encargo de redacción do proxecto destas obras. Tamén da lectura a un escrito de contestación á pregunta formulada polo Sr. Veloso na Sesión do Pleno de data 30 de xuño pasado, contestación que lle foi remitida con data 14 de xullo do 2006 respondendo á pregunta formulada sobre cal era a situación actual na que se atopan as piscinas de Riocaldo, insistindo en que o actual Equipo de Goberno do Concello está disposto a levar a cabo esas obras.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Neste intre toma a palabra D. Enrique López Álvarez preguntando ó Sr. Veloso de onde sacou que o Concello entregoulle á Fundación San Rosendo 50 millóns de pesetas, respostando o Sr. Veloso que no PXOM consta unha partida de 50 millóns de pesetas para a Fundación San Rosendo, rematando a súa intervención dicindo que o funcionamento do Concello de Lobios resulta ser como o de Marbella ou os de Mallorca, replicando o Sr. Alcalde que se sigue por eses “derroteiros”, vai verse obrigado a retirarlle a palabra, respostando o Sr. Veloso que pode apreciar que as súas intervencións non lle resultan gratas ó Sr. Alcalde insistindo en que o Balneario foi regalado para favorecer a persoas alleas ó Concello; polo que respecta a un acordo verbal, manifesta que a Administración non pode facer acordos verbais, polo que a formalidade do Sr. Alcalde queda en entredito, resultando lamentable que nun Concello tan pequeno, un tema tan sangrante sobre uns terreos que non son nin da Fundación nin do Concello ofrézase unha piscina.

Seguidamente, previa autorización do Sr. Alcalde, o Sr. D. Enrique López Álvarez, quere aclarar o exposto polo Sr. Veloso respecto a esa cantidade de millóns que cita, levantándose o Sr. Veloso do seu escano e pedindo a dimisión do Sr. Alcalde abandona de forma un tanto airada o Salón de Plenos, sendo as 12 horas e 50 minutos. Unha vez levado a cabo tal abandono, prosigue o Sr. López Álvarez a súa intervención indicando que o Concello durante os mandatos presididos polo actual Alcalde D. Benito Vázquez, nunca entregou á Fundación eses 50 millóns de pesetas que di o Sr. Veloso pois o diñeiro foi feito efectivo polo Goberno Municipal presidido entón por D. Antonio Ferreira e gastado da seguinte maneira, a través do plan ADITÓZ, adiantáronse, aproximadamente, 24 millóns de pesetas, (10 millóns en metálico e 14 por pago dos proxectos do Balneario), pero que á súa vez foron recuperados polo Concello a través da Fundación San Rosendo.

Remata a Sesión o Sr. Alcalde manifestando que o que se prometeu no seu intre por este Equipo de Goberno, estase cumprindo.

Seguidamente o Sr. Alcalde levanta a Sesión sendo as 12 horas e 55 minutos, de todo o que eu, a Secretaria, certifico.